

AveLina Pérez



Equipo artístico:

Dirección, dramaturxia e actriz: AveLina Pérez

Composición musical: Ramón Raíndo

Iluminación: Beatriz de Vega

Voz testemuña: Matilde Álvarez (veciña de Oia)

Asistencia técnica e escénica: Diego Chamizo

Fotografía: Martín Pol

Montaxe de vídeo: Jesús Tejada

Colaboran: Real Mosteiro de Oia e Teatro Ensalle

Coproduce: **CENTRO DRAMÁTICO GALEGO**

SOBRE ECO / ORIXE DO PROXECTO

O Mosteiro de Oia foi campo de concentración durante a guerra civil española. Nas súas paredes, os presos deixaron palabras e debuxos nos que reflectiron desacougos, medos e desexos.

Desde estas voces, desde estas mensaxes fragmentarias, é desde onde se constrúe a dramaturxia de ECO, que quere ser, con todo o respecto, unha homenaxe e un poema, un momento para escoitar e escoitarnos, para relacionarnos entre nós e cos que xa non están.

Para relacionarnos, tamén, coa historia e co paso do tempo.

Coa memoria e coa falta da mesma.





ECO é atender a unha presenza.

Facela parte.

Ollar miudiño.

Facer contas doutro xeito:

Un, dous, tres.

Un silencio.

Cinco silencios.

Tres mil silencios...

É estar.

AveLina Pérez

Creadora escénica.

Fórmase en interpretación na Escola Santart e é titulada en dirección de escena e dramaturxia pola ESAD de Galicia.

Dentro do proxecto escénico que leva o seu nome é directora, dramaturga e actriz das pezas: Por favor, ténteo novamente máis tarde (Coproductión do CDG e Ensalle Teatro) A que non podes dicir cocacola? (I e II), Deixa de tocala, Sam, Os cans non comprenden a Kandinsky e Vaguedás.

Directora de Espida, da Compañía lo e de Gañaremos o pan coa suor da túa fronte, da Compañía Tripalium, entre outras producións.

Moi vinculada á idea de teatro social , o seu facer teatral camiña entre a impartición de obradoiros de creación escénica e dramaturxia, as producións propias e a escrita teatral.

Recibe varios premios en dramaturxia de texto, a destacar o Álvaro Cunqueiro coa peza Ás oito da tarde, cando morren as nais e o Abrente con O día no que bicar a terra.

Cunha concepción teatral moi ligada ao terreal, ao social, na busca de converter o cotiá en extracotiá, e sempre transitando por un humor acedo e duro, concibe a escena como un lugar de encontro, un lugar no que a dignidade exista aínda que estea camuflada, agochada , deformada, pero sempre presente

CONTACTO

avelinaperezteatro@gmail.com

teléfono: 637 756 146

www.avelinaperez.com

ENLACE A TRAILER



